

6.- ARTE PRERROMÁNICO HISPANO (Artes hispano-goda, asturiana e do s.X).

INTRODUCCIÓN. O CONTEXTO EUROPEO.

A arte prerrománica correspóndese co período inicial da Alta ou 1ª Idade Media europea (S. VI-VIII), dominada polas invasións bárbaras.

É unha época de confusión e anarquía (séculos escuros), na que ningún estilo florece con claridade, só pequenas tentativas illadas que parten dos pobos xermanos máis romanizados, como os francos ou os visigodos.

Esta arte, coñecida co nome de “*estilo das invasións*”, ou arte bárbara, destaca sobre todo no xénero da orfebrería (armas, xoias, cinturóns, vaixelas...), obxectos de uso diario, depositados logo na tumba do difunto a modo de enxoval funerario.

É unha arte na que dominan o xeometrismo e a abstracción, con **preferencia polas formas animais e vexetais** (espirais, entrelazos, círculos concéntricos...), **desprezando en cambio a figura humana e os motivos naturalistas**. Fálase pois de regresión ó mundo cristián primitivo, non entanto esta arte vai a traer consigo unha linguaxe artística de validez universal que **recupera a tradición romana paleocristiá** interrompida coa chegada violenta dos bárbaros.

A arte prerrománica inclúe catro estilos, nos cales conflúen o legado romano, o legado visigodo, o legado asturiano e o legado mozárabe:

- 1.- Arte Carolinxia (s. VIII-IX). “*Capela palatina de Aquisgrán*”.
- 2.- Arte Visigoda (s.VII). “*San Pedro da Nave*”, “*Santa Comba de Bande*”.
- 3.- Arte Asturiana (s.VIII-IX). “*Santa María do Naranco*”, “*San Miguel de Lillo*”.
- 4.- Arte Mozárabe (S.X). “*San Miguel de Celanova*”, “*San Miguel de la Escalada*”.

A ARTE VISIGODA (HISPANO-GODA).

A dualidade na denominación desta arte responde a que os promotores do mesmo foron os visigodos, aínda que os seus creadores foron hispanorromanos. **A esta aportación autóctona únense as influencias norteafricana e bizantina**, destacando o s.VII como período de unidade, no que surxe un **estilo con claras raíces romanas pero moi hispánico**.

O mellor do estilo visigodo o proporciona a **arquitectura, cunha vertente claramente relixiosa, localizándose os templos en áreas rurais e en antigos núcleos de vida cristiá**, de temperán repoboación, **principalmente na Meseta Norte e parte da Meseta Sur** (val do Teixo), lugares principais de asentamento deste pobo xermánico que establece a súa capital en Toledo. A zona meridional da Península, ofrece menos monumentos debido as destrucións realizadas durante a ocupación musulmana.

CARACTERÍSTICAS DA ARQUITECTURA HISPANO-GODA.

A época de florecemento da arte hispano-goda, **é posterior á conversión de Recaredo ó cristianismo (ano 589)**, etapa de unificación política, cultural e relixiosa e de fusión social entre

godos e hispanorromanos. Destacan pola súa complexidade catro ou cinco edificios provinciais, xa que **as mellores obras desapareceron por completo** (Mérida, Sevilla, Toledo, Córdoba...), **sustituídas por mezquitas ou edificios musulmáns ou de épocas posteriores.**

As características principais desta arquitectura son as seguintes:

- Edificios pequenos, pechados e intimistas, alonxados do espazo diáfano bizantino, e cun carácter xeométrico na súa parte exterior, en forma de módulos en ángulo recto.
- Aparecen diversos tipos de plantas, mantendo a basilical, con tres naves, soporte columnario, cabeceira tripartita e transepto, pero as veces a funden coa planta de cruz grega (herdanza cristián-bizantina), onde os ábsides seguen sendo rectos no exterior aínda que no interior presentan forma semicircular (igrexas de Portugal, Galicia e Zamora). Pouco a pouco as plantas de cruz grega, aparecen inscritas nun cadrado, ó que se lle engaden cámaras ou celdas conventuais. Esta continua asición de corpos, faise tamén nos extremos (pseudotranseptos), o una parte central de acceso, a ábside e o presbiterio.
- Significación do cruceiro ó exterior mediante o cimborrio, centro litúrxico e arquitectónico do templo.
- O aparello utilizado é o “more gótico”, con muros de pedra, con grandes sillares encadrados a maneira romana (soga e tizón), sen estribos nin contrafortes e sen argamasas de unión. Apenas existen vanos. En ocasións utilízase o ladrillo como símbolo da tradición romana anterior e a madeira en cubertas e soportes.
- Utilizan como soportes o pilar e sobre todo a columna de corte clásico dunha soa peza e con capiteis de orde corintia, coas súas follas de acanto labradas toscamente, moi esquematizadas, ou de tipo prismático con decoración figurada (antecedente dos capiteis historiados do Románico). Sobre o capitel aparece sempre o cimacio, liso ou decorado de influxo bizantino.
- A gran novidade do momento é o arco de ferradura, de orixe hispano-romana (s.II) e con función construtiva non decorativa (como os árabes). Utilízanse tamén bóvedas de medio canón e de arista.
- A decoración é frecuente en frisos e capiteis, con motivos xeométricos, vexetais ou animais de calra influencia oriental.
- Os edificios posúen un pórtico ós pes do templo con espadaña, cabeceira recta e presbiterio reducido.

As obras principais do estilo hispano-godo son, “*San Xoán de Baños*”, en Palencia (661), “*San Pedro da Nave*”, en Zamora, (2ª metade do s.VII) e “*Santa Comba de Bande*”, en Ourense (último tercio do s. VII).

“*San Pedro da Nave*”, presenta **planta de cruz grega inscrita nun cadrado**, da que emerge a capela maior con dúas columnas e un arco absidial de acceso.

A parte interior da igrexa posúe planta basilical de tres naves sobre pilares, con dúas cámaras laterais adosadas ó cruceiro a modo de pórticos. **As cámaras do presbiterio son celdas conventuais**, de monxes (cenobios monásticos). Sobre a capela maior hai unha cámara alta de illamento.

A columna aparece como elemento decorativo do cruceiro, que incrementa a súa importancia simbólica dentro do edificio. **Son de grande interés os capiteis historiados do interior**, de forma prismática e tallados a bisel, representando escenas bíblicas como, “O sacrificio de Isaac”, ou “Daniel entre os leóns”.

A capela maior presenta un efecto enmarcador, mediante un estreitamento óptico ou “abocinamento” dos elementos estruturais (arcos e columnas), con dúas ventás pechadas con celosías. No exterior apréciase un **equilibrado volumen en todas as súas partes, co cimborrio como elemento dominante**.

Ainda que predomina o uso da pedra (sillería sen morteiro), a parte superior está reconstruída con ladrillo e pedras de pequeno tamaño (mampostería).

“*Santa Comba de Bande*”, posúe unha gran complexidade debida a súa triple función: hospedería, igrexa e mosteiro. O exterior concíbese como unha **suma de volumes formados por espazos de planta cadrada ou rectangular que se cortan en ángulo recto**.

Posúe unha planta de cruz grega, que será remodelada na época mozárabe (s.IX-X), cun pórtico de acceso que conduce a igrexa propiamente dita. **Xunto ó presbiterio aparecen dúas celdas conventuais, e na fachada había catro cámaras que servían de albergue ós peregrinos** (hoxe desaparecidas).

A capela maior aparece flanqueada por dous pares de columnas e **cúbrese con bóveda de canón ó igual que ó resto do edificio**, excepto o **cruceiro central cuberto con bóveda de arista**. Os ábsides e as capelas ofrecen **reducidas dimensións**, cun claro valor simbólico fronte os ostentosos presbiterios de carácter bizantino.

No exterior hai ausencia de vanos e contrafortes, cunha gran sobriedade e carencia de elementos decorativos, presentando un escalonamento das diferentes partes do edificio desde o cimborrio central ata a capela maior, cunhas proporcións moi armónicas.

A construción é de **granito cortado en grandes bloques en fileiras desiguais e irregulares**. No interior presenta un friso de gran calidade decorativa e unha celosía na ventá da capela de estilo moi clásico. Obsérvanse en xeral na igrexa, unhas **proporcións moi armónicas, cun grande equilibrio entre os diferentes corpos** tanto en altura como en anchura.

A ARTE ASTURIANA.

A arte asturiana abarca os séculos VIII-IX, e surxe nunha zona pouco romanizada que se considera herdeira do legado visigodo sobre todo trala invasión musulmana (711), e onde surxe por primeira vez a conciencia do hispánico.

A expansión astur comenza no s.IX co rei Alfonso II, aínda que a arte vai a pasar por diferentes etapas:

- 1ª etapa: s.VIII, Reinado de Alfonso II (791-842). Período protoasturiano, con falta de autoridade e poder político, **cunha capital itinerante (Cangas de Onís, Pravia), ata que Alfonso II se establece en Oviedo**.

Neste primeiro período do reino asturiano, **aproveítanse elementos arquitectónicos e materiais procedentes de edificios romanos e visigodos**, aínda que o rei Alfonso II inicia xa un período de florecemento artístico, buscando a colaboración con outros reinos cristiáns, considerándose o sucesor dos reis hispano-godos e embelecendo Oviedo, convertíndoa na “*nova Toledo*”, cun arte áulico e prestixioso.

- 2ª etapa: s.IX, Reinado de Ramiro I (842-50). É o período de consolidación da arte asturiana (“*período ramirense*”).
- 3ª etapa: s.IX, Reinado de Alfonso III o Magno (866-911). Período de repoboación de territorios reconquistados ó Islam. Obsérvanse influencias árabes na decoración e nalgún elemento arquitectónico.

A arte asturiana é basicamente cortesán e religioso, propio dunha sociedade dividida en aristócratas ou nobres cabaleiros (cortesáns do rei), que loitan contra o Islam, xunto a campesinos libres e artesáns, que realizan os edificios cunha magnífica técnica.

CARACTERÍSTICAS DA ARQUITECTURA ASTURIANA.

A arte asturiana introduce certas novidades con respecto ó visigodo:

- Sustitución do arco de ferradura visigótico polo arco de medio punto peraltado de tradición romano-occidental.
- Utilización de cubertas de madeira, pero predominio da bóveda de canón sobre arcos feixóns, con contrafortes ó exterior para contrarrestar os empuxes laterais.
- Volumes exteriores moi complexos, resaltando as diferentes naves ou corpos, tanto en planta como en alzado, co ritmo xeométrico visigótico.
- O aparello utilizado é unha combinación de mampostería e sillarejo (pedra miúda con argamasa), aparecendo o sillar só en zonas de reforzo (esquinas, contrafortes).
- En xeral non existe o concepto de fachada, salvo excepcións como “*San Salvador de Valdediós*”.
- A planta adoita ser basilical, de salón único ou con tres naves, cun recorrido lonxitudinal e cabeceiras tripartitas de ábsides rectangulares e continuos, con corpos engadidos ó exterior de tradición hispano-goda.
- Cámara alta suprabsidial, aberta ó exterior.
- Contrafortes diseminados por toda a parede. Prefírese o pilar á columna, normalmente de sección cadrada e con capital composto, de orixe bizantino ou corintio (decoradas con “corda” no período ramirense).
- Igrexas verticais e de aspecto rústico. Ó exterior mantense a espadaña e o pórtico ós pes do templo, pero enmarcado en arcos de medio punto, excepto nas igrexas de fines do s.IX, con arcos de ferradura decorativos por influxo do Islam.
- No interior dalgúns igrexas, consérvase o iconostasio, de orixe bizantino (“*Santa Cristina de Lena*”).

Dentro da evolución desta arquitectura, hai que distinguir entre os edificios da 1ª etapa (reinado de Alfonso II), con **espazos arquitectónicos internos moi amplos e iluminados, cubertos con madeira** e cunha altura en proporción equilibrada á anchura, como en “*San Xulián dos Prados*”, en Oviedo; mentras que na 2ª etapa (época ramirense), **o edificio faise máis esvelto e ascendente, con espazos máis angostos e abovedados**, perdendo anchura e amplitude, cunha arquitectura menos sobría **con gran protagonismo da decoración** (arte

áulico en pequenos espazos), destacando “*San Miguel de Lillo*”, e “*Santa María do Naranco*”, tamén en Oviedo.

“*Santa María do Naranco*”, (842-50), é a obra cume da arte asturiana. **Ten función de aula rexia ou palacio real, de residencia de recreo** do rei Ramiro I nas aforas da capital, **segundo a tradición das vilas romanas, aínda que posteriormente foi convertida nun templo**, por iso aparece unha mesa de altar no interior.

É un **edificio de planta rectangular, con dous pisos ou niveis, un corpo central e dous corpos saíntes nos laterais**, abertos á paisaxe exterior a modo de miradores. **O piso superior é o salón rexio de carácter áulico** e o inferior é unha sala de baños con función termal.

O acceso a parte superior faise a través dunha escalera na fachada lateral Norte, atopándonos cun **salón totalmente abovedado con arcos feixóns que descargan a súa presión vertical sobre pilares compostos, cun fuste decorado helicoidamente por “cordas”**. As arquerías cegas **de medio punto percorren toda a parede**, aparecendo **nas enxutas dos arcos uns medallóns ou clipeos con motivos decorativos diversos, apoiándose en capiteis cúbico-prismáticos tamén decorados** (fálase de posibles emblemas heráldicos). O nivel inferior, de escasa altura e tamén con bóveda de canón, presenta un aire de cripta.

Ó exterior, o edificio presenta unha continuidade do eixe central, cunha altura marcada polo zócalo sobre o que se asenta e do que parten **os contrafortes das fachadas maiores que chegan ata a cornisa correspondéndose cos arcos feixóns interiores** e decorándose con estrías. Nas fachadas centrais, de gran esbeltez e verticalidade, **obsérvase o contraste entre o carácter mural da parte baixa e a lixeireza do mirador**.

A ARTE DO S.X (¿MOZÁRABE? OU DE REPOBOACIÓN).

É a arte do período da Reconquista de territorios polos cristiáns, e dentro del, hai que distinguir entre a arte mozárabe e a arte da repoboación.

A arte mozárabe, resulta das **realizacións dos hispanogodos que viven en territorio dominado polos musulmáns (Al-Andalus)**, mantendo as súas costumes cristiáns; mentras que a arte da repoboación, **é o realizado polos cristiáns do Norte** (astures, cántabros, galaicos, leoneses...), encargados da repoboación da zona do Douro.

O abandono da poboación mozárabe do territorio andalusí cara o Norte Cristián tralo inicio da Reconquista, provoca a confluencia de estilos e a aparición dun arte novidoso no s.X, con múltiples focos: Castela, Cataluña, Aragón, Andalucía e Galicia.

CARACTERÍSTICAS ARQUITECTÓNICAS DA ARTE DA REPOBOACIÓN.

A principal característica deste tipo de arquitectura é a anarquía construtiva, cunha **mistura de formas e modelos visigodos con influencias musulmanas e da arte asturiana**. As principais novidades ou características específicas deste arte son:

- Gran variedade de plantas, tradicionais como a basilical e a de cruz grega e novidosas como a cruciforme de cruz latina, de nave única ou de tres con elementos adosados.
- Protagonismo evidente do arco de ferradura islámico, máis pechado que o visigodo e con despiece de dovelas, enmarcado polo alfiz.
- Aparición de cámaras laterais e cabeceras tripartitas ou únicas, de forma semicircular no interior (ábsides de ferradura) e rectos ó exterior, con un elemento novidoso, o contraábside, creador dunha estrutura bipolar que recorda a arte carolinxio.
- Abovedamentos de gran variedade como cubertas: bóveda de canón, arista e gallonadas ou nervadas de influxo califal-musulmán, utilizando tamén as teitumes de madeira planas.
- Carencia de fachada, situándose a porta principal non nos pes, senón nun lateral do edificio (influxo islámico).
- O exterior reflicte a configuración interna do edificio, con muros moi grosos con contrafortes e case total ausencia de vanos, o que proporciona unha luz moi tenue no interior.
- O material utilizado é moi variado, combinando mampostería, ladrillo e sillería, destacando un elemento decorativo nos aleróns e cornisas dos tellados, os chamados canzorros (modillóns de rolo).
- Os edificios adoitan ser de reducido tamaño, salvo excepcións.

Como edificios máis destacados están “*San Miguel da Escalada*”, en León, “*San Cebrián de Mazote*”, en Valladolid, e “*San Miguel de Celanova*”, en Orense.

“*San Miguel de Celanova*”, do ano 936, constitúe un exemplo excepcional polas súas reducidísimas dimensións (6 metros de altura e 22 metros cadrados).

Mandada construír por San Rosendo no recordo do seu irmán, non se coñece con exactitude a súa finalidade, aínda que se pensa nunha **capela funeraria ou eremitorio (oratorio), destinado ó aloxamento de monxes peregrinos, xa que a súa escasa extensión impídele o seu uso para ceremonias públicas.**

Nela aparecen todas as peculiaridades da arquitectura da repoboación, aínda que desaparece o contraábside. O acceso é lateral, e no interior cada espazo está perfectamente definido e diferenciado dos demais. Posúe tres partes en planta, cun **primeiro espazo ou nave rectangular cuberta con bóveda de canón, un segundo espazo ou corpo central** a modo de cruceiro de maior altura e **cuberto con bóveda de arista, e por último o ábside ou capela maior, circular** e de carácter simbólico **con cúpula gallonada** (especie de “mihrab” islámico). A altura e o espazo son tan reducidos no interior que impiden ó oficiante realizar a liturxia.

Os tres espazos se traducen nítidamente ó exterior, ó igual que os contrafortes exteriores, cun certo carácter decorativo e dispostos nun eixe transversal coa bóveda de arista, desplazando ós laterais as escasas e pequenas ventás de iluminación.

O material ou aparello utilizado é o sillar ben encadrado (soga e tizón), **resaltando a construción central cun alero moi decorativo en base a ménsulas sobre canzorros**, tanto no interior como no exterior, e que **contrasta coa extrema sobriedade do resto do edificio, escaso en vanos**. No interior abunda o **arco de ferradura musulmán enmarcado nun alfiz**.